

Martes 18 de agosto del 2009

OCIO & CULTURA

[Volver](#)

ENTREVISTA | CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS

Poeta e presidente da asociación de escritores en lingua galega «Unha cultura que ten a figura de Novoneyra non pode ser negada»

O escritor mergullouse na súa infancia en Povanza de Maside para crear o seu novo poemario, unha obra que ten presentes ás xeneracións precedentes

Rodri García | 10/8/2009

Levaba vinte anos con este libro «e podería estar máis», pero chegaron as lembranzas, torrenciais, da infancia coa morte en pouco tempo dos seus pais. Cesáreo Sánchez Iglesias define así a orfandade:

«Descobres que nunca, para ninguén, un volverá ser a persoa máis importante da súa vida», como era para os pais. Despois do torrente, o novo poemario, O paraíso das sombras (Biblos,



colección Mandaio)

non podía agardar

máis tempo e xa está nas librarías.



-¿Quen habita neste paraíso de sombras?

-É un canto coral no que ao mesmo tempo que vai acontecendo a historia, a voz colectiva do país ate máis ou menos finais dos anos setenta, que é cando eu retornei de Madrid a Galicia, vai acontecendo outra realidade mítica que é elaborada na idade da infancia. Todo acontece nun territorio que é real e que eu fago simbólico; aparecen todos os topónimos e os microtopónimos dos lugares, das aldeas, dos eidos, dos regatos, todo conforma o que é a terra de Maside. E dentro da terra de Maside hai dous territorios emblemáticos no libro que son a rúa Vella -para un neno o territorio abarcábel onde todo acontece é unha rúa- e un lugar que se chama a Povanza, que ten ese nome fermoso como topónimo e que quere significar xente, pobo que camiña. Nese nome está encarnado o centro do meu mundo, como pode ser Macondo ou Comala, todo iso está tecido no territorio da infancia, polos pequenos rielos, os lameiros, as carballeiras, as lendas, as cancións, os silencios que grita o vento.

-Este libro levaba moito tempo empezado, ¿non?

-Foise escribindo ao longo dos últimos vinte anos da miña vida, ao mesmo tempo que tamén estaba a investigar a historia do noso país. Partindo da historia de don Ramón ou da historia da literatura de don Ricardo, apoieime nunha primeira fase nos textos de Villares, Barreiro Fernández, monografías parciais e na historia cultural do país; máis hai unha xeración que para min é importantísima porque con ela compartín días intensos de traballo polo país: a de Francisco Carballo, Lois Ovelleiro, Anselmo L. Carreira, Bieito Alonso ou Velasco, que van dándonos claves non coñecidas da historia de noso.

-Vaise falar moito de un dos seus referentes, Uxío Novoneyra, o protagonista do Día das Letras Galegas...

-Unha cultura que é capaz de ter escritores da dimensión poética, humana e ética de Novoneyra non pode ser negada; para que unha literatura teña un escritor coma el fan falta moitas xeracións previas para dar á luz a un poeta desa tan alta dimensión lírica. Somos afortunados os que puidemos compartir con el os poemas, as vivencias e o traballo polo futuro deste país. Novoveyra é un mestre para min, unha fermosa sombra protectora, que tamén está dentro do poemario como outros escritores amados. É un privilexio para unha literatura nacional ter un escritor como Novoneyra.

-¿Como se sostén a escrita dun libro durante 20 anos?

-É como un cadro no que primeiro vaise facendo a pintura base e ao longo do tempo vanse pintando figuras máis ou menos recoñecibles: hai un tempo de escrita e moito máis de reescritas. Cada un de nós escribe segundo a súa voz, mais de tal xeito que o substrato do poema sexa verdade, verdade vivida, verdade vivida e soñada ou só soñada... Eu escribo, dicía nun poemario anterior, como amo, como vivo e como sinto este país.

-¿Inflúe moito ese sentimento do país?

-É determinante, porque somos o que entregamos ás xeración futuras. Todo ese tempo que me entregaron os que me precederon está no poemario, moita da xenerosidade dos escritores que foron fundadores do nós está humildemente entregada ao libro. Todo iso foi creando personaxes que dalgún xeito reencarnan aquilo que queremos ser fronte ao que nos negan: os homes sen rostro. Outros o que somos e todos son como nós soñamos no futuro.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.